

**Pilar Farjas Abadía.**

**Conselleira de Sanidade.**

□□□□□□□□□□

Unha vez máis as/os traballadoras/es do Servizo Galego de Saúde son noticia nos medios de comunicación. O tratamento da noticia ven motivado polo informe, sensacionalista e desprestixiador, que Vde. presentou no Consello da Xunta celebrado o día 6 de outubro do 2011.

Parécenos lamentábel, que unha vez máis, nos teñamos que dirixir a Vde. para esixirlle que, en aras ao cargo que ostenta, deixe de facer campañas publicitarias co gallo de intentar desprestixiar as/os profesionais da Sanidade Pública. Co seu sensacionalismo non só acusa as/os traballadoras/es do SERGAS de facer fraude na prestación do I.T, senón que sen ningún pudor tilda de malos profesionais as/os médicas/os de atención primaria.

Ademais disto, pode que os seus datos sexan, intencionadamente, erróneos, e desde a CIG-SAÚDE preguntámonos: a súa afirmación de que **“na actualidade, dispónse de 82.400 días máis de empregados públicos no seu posto”**, non será por que non se están a realizar correctamente os cómputos de xornada ao persoal do SERGAS?

Asemade é preocupante que o seu informe non recolla nin unha soa medida para mellorar as condicións de saúde laboral dos profesionais do SERGAS.

Desde a **CIG-SAÚDE** queremoslle lembrar, que as/os traballadoras/es do sistema sanitario son un dos alicerces máis importantes do Sistema Sanitario, sen este persoal non sería posible prestar unha asistencia pública e de calidade; lamentablemente non se pode dicir o mesmo dos responsables políticos.

Sra. Conselleira, se necesita un titular de prensa sensacionalista contrate unha asistencia técnica externa, das que tanto lle gustan, e deixe tranquilas/os as/os traballadoras/es; bastante teñen con soportar a xestión que realiza a consellaría que Vde preside.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2011.

Asdo: M<sup>a</sup> Xosé Abuín Álvarez.

Secretaría Nacional de CIG-SAÚDE.